

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE ABRIL DE 2026**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xaneiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do 11, 18 e 25 de febreiro, 4, 11 e 18 de marzo de 2026 (exp. 2026/G004/000203).

### **ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**1. PERSOAL.-** Acórdase aprobar o informe proposta de resolución de cobertura temporal en comisión de servizos do posto de celador CEIP no CEIP as Mercedes do Servizo de Educación do Excmo. Concello de Lugo, exp. tecol: 2026/O021/000001.

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de traballador/a social pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2025), exp. tecol: 2026/G004/000186.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de auxiliar administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2025), exp. tecol: 2026/G004/000187.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de ordenanza pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2025), exp. tecol: 2026/G004/000188.

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase execución da resolución

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac770920517889834471.doc

Asunto: XUNTA DE GOBLERNO LOCAL DO 1-4-2026

núm. 69/2026 do tacgal estimatoria dos recursos especiais en materia de contratación presentados, contra a decisión da mesa de contratación de exclusión e a anulación do procedemento no expediente de contratación do servizo de xestión, mediación cultural e atención ao público no centro sociocultural o vello cárcere (OVC), exp. ref. 2025/C003/000041.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra, do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado na contratación da obra de reforzo de firmes na glorieta da avda. Benigno Rivera, con avda. Infanta Elena e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2026/C002/000004.

Do mesmo, xeito acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, e apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da subministración - mediante lotes- de grava e grava miúda para tratamentos superficiais en camiños rurais (lote 1) e de saburra (lote 2)., exp. ref. 2026/C004/000007.

Acórdase a resolución do expediente de imposición de penalidades por incumprimento na execución do contrato da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo, exp. ref. 2024/C003/000031.

Taméns e acorda a desestimación do recurso de reposición contra o decreto 455/2026 de rectificación de decreto 12127/2025 polo que se deduce da certificación núm. 29 e final o importe da penalidade imposta. No expediente de obra 'corazón verde entre murallas: praza de santo domingo e rúa teatro' dentro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano no marco do plan de recuperación e transformación e resiliencia financiado a través do ministerio de transportes, mobilidade y agenda urbana. código de proxecto 22XX00017 ('Next Generation EU'), exp. ref. 2022-C002-000032.

Acórdase a aprobación das bases reguladoras, así como da adxudicación por procedemento aberto na concesión demanial do uso privativo para a explotación do servizo de cafetería no edificio mirador do parque Rosalía de Castro e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2026/C012/000001.

**3. FOMENTO.-** Acórdase a adhesión ao convenio entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da función pública (secretaría xeral de administración dixital e dirección xeral de gobernanza pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital, convenio asinado o 18 de febreiro de 2025.

## **ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**

**4. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase aprobar a solicitude de licenza urbanística para obras de demolición interior, tabiquería, falsos teitos, carpintería e outras en edificio para residencia de maiores, con licenza urbanística procedemento 2022/y001/000236, na avenida Carvalho Calero, número 2 (exp. 2025/Y001/000187)

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

**5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.-** Acórdase as altas en posto vacante no expediente de adxudicación de autorización para venda no mercado de Frigsa 2026..

**Fóra da orde do día**

- Contratación mediante lotes do servizo de roza de pistas no medio rural do Concello de Lugo. Aprobación dos pregos de prescripcóns técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto, e apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada. Exp. Ref. 2026/C003/0000009.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.**